



Xosé Filgueira Valverde Nado en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e finado na mesma cidade o 13 de setembro de 1996, o historiador, escritor e erudito Xosé Fernando Filgueira Valverde foi, polo caudal inxente e a importancia da súa obra, unha das figuras centrais na vida cultural galega do século XX. Logo de rematar o bacharelato na súa cidade natal, Filgueira Valverde cursou estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela que culminaría, con premio extraordinario, en 1927. Nesta mesma universidade daría comezo, asemade, á carreira de Filosofía e Letras,

que continuou en Zaragoza e na que acadaría o grao de Doutor cunha tese sobre unha das Cantigas de Santa María de Alfonso X, titulada *La cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. En 1959 completaría a súa formación académica cun diploma en Psicoloxía.

No que atinxe á súa traxectoria como ensinante, en 1935 Filgueira Valverde gaña por oposición a cátedra de Lingua e Literatura do Instituto Balmes de Barcelona, desde o que se trasladou ese mesmo ano a Lugo. En 1940, acadou praza por concurso no Instituto Masculino de Ensino Medio de Pontevedra, do que será director entre 1946 e 1976, data da súa xubilación. O instituto pontevedrés converterase, so a súa dirección, nunha das institucións de ensino medio máis prestixiosas de Galicia, e o seu labor como docente valeralle a Filgueira Valverde un amplo recoñecemento por parte do seu alumnado que se refería a el como "o vello profesor".

Militante galeguista de primeira hora, Filgueira Valverde participou no acto fundacional do Partido Galeguista celebrado o 5 e o 6 de decembro en Pontevedra, no que foi elixido Secretario Técnico. Home de profundas conviccións católicas e de talante conservador, o progresivo achegamento do Partido Galeguista a posicións de esquerda desde 1934, que culminaría na súa integración no Frente Popular, lévano a abandonar este partido en 1935 e a fundar a organización Dereita Galeguista. Logo da Guerra Civil, chegou a deter, entre outras responsabilidades menores, a alcaldía de Pontevedra de 1959 a 1968.

Non é doado reducir a un feixe de títulos, como xa dixemos, a copiosa produción creativa, divulgativa e ensaística de Filgueira Valverde. Resulta necesario salientarlle, porén, un feixe de obras especialmente relevantes para a nosa cultura, como son o *Vocabulario popular galego-castelán* (1926-1928), o *Programa de un curso de Literatura Gallega* (1933), o devandito estudo *La Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1936), o *Cancioneiro Musical de Galicia* (1942), o *Archivo de Mareantes* (1946) a *Guía breve del Museo de Pontevedra* (1969), os artigos eruditos recollidos nos volumes *Sobre lírica medieval gallega y sus perduraciones* (1977) e *Estudios sobre lírica medieval* (1992), e as coleccións de artigos xornalísticos publicados no *Faro de Vigo* reunidos en nove volumes baixo o título de *Adral*, que, en opinión do membro de número da Academia Xesús Ferro Ruibal constitúen unha verdadeira "enciclopedia galeguizadora".

<http://academia.gal/>

LECTURA: Parque de Castrelos
desde as 10:00 ás 11:45 h.

CLAUSURA: Nos Xardíns do Pazo de Castrelos
a partir das 12:00 h.



101
literaria
uedada
14 de Maio
2015

ACTO CLAUSURA

presentado por **Paula Carballeira**

1. CEIP O POMBAL

- Os alumnos de Infantil 4 recitarán unha poesía sobre as cores titulada "De que cor".
- Os alumnos de 4º de Primaria recitarán un poema de Fran Alonso do seu libro "O meu gato é un poeta", no que darán instrucións para ser un bo poeta.

2. CEIP CARRASQUEIRA

- Os alumnos de 4º- 5º - 6º cantaran a canción "Quen Panda"

3. IES O CASTRO

- Recitarán os poemas creados por elas:
 - "Inverno" de Alba Freire
 - "O ceo" de Andrea
 - "As Augas do muiño" de Sabela Villar.
 - "Primavera " e Lucía.
 - "Podes" de Martina Mogliani.
 - "Non quero" de Marta González.

4. CEIP EMILA PARDO BAZÁN

- Recitando o poema "Do, re, mi" de Antonio G. Teijeiro.

5. CEIP FRIAN TEIS

- Os alumnos bibliotecarios van cantar unha canción de Mamá Cabra que se titula "O pirata Metepata".

6. CEIP RÍA DE VIGO

- Os alumnos de 4 anos: Recitarán o poema: "Adios ríos, adios fontes".
- Os alumnos de 6º curso: Recitarán o poema " O rapto de Europa".

7. **PAULA CARBALLEIRA** fara o peche das actuacións cunha fantástica sorpresa.

Remate da xornada co cántico elixido para esta *II quedada Literaria 2015: "O libro maxico" de Migallas*